

ELIMINAR O SISTEMA DE SÍMBOLOS.

Debuxo de contornos concisos.

O debuxo de contornos de Nicolaidides.

Técnica introducida en 1941 por Kimon Nicolaidides. Úsase en todas as escolas de arte do mundo.

A modalidade E inhíbese pola tediosa tarefa que supón.

Este debuxo non é do estilo do cerebro esquerdo e relega a tarefa ao dereito.

Que necesitamos?

Follas de papel

Lapis n.º 2 afiado

Fita adhesiva

5 -7 min. sen interrupcións

Instrucións

- 1.- Mírese a palma da man cos dedos pechados. A man debe ter moitas engurras.
- 2.- Séntate de forma cómoda mirando cara a un lado.
- 3.- Colle o lapis colócao no medio do papel e mira cara a outro lado observando a túa man.
- 4.- **Unha vez comeces a debuxar non debes mirar NUNCA ao papel.** É moi importante.
- 5.- Mira a túa man, observa unha das engurras - contornos - da túa man, comeza a seguila moi lento, milímetro a milímetro e vai debuxando todo o que ves, con todos os detalles, se o contorno cambia de dirección faino tamén co lapis, se se cruza con outro contorno ségueo, o **ollo e o lapis deben de estar coordinados** como un escáner, lentamente o debuxo irase completando.

Aínda que a tentación de mirar o debuxo é moi grande intenta evitala.

Intenta que o lapis e os ollos se movan ao mesmo tempo, non permitas que un dos dous vaia máis rápido.

Non pares nunca pero vai pausado, sen correr.

Ao principio o exercicio resulta difícil e incómodo, mesmo algunhas persoas poden ter sensación de dor de cabeza.

- 6.- Non mires o debuxo ata que avise o profesor.
- 7.- É MOI IMPORTANTE non se deter ata o final. Hai que debuxar todo lo tempo.
- 8.- Se recibes mensaxes negativas do modo verbal: isto é unha parvada? para que fago isto, non serve para nada? Como me vai saír ben se non vexo o que fago? ... non fagas ningún caso, esqueceos, ao final desaparecerán e estarás a debuxar de verdade, concentrado.
- 9.- Non é absolutamente nada importante que o resultado final se pareza a unha man, o importante son as liñas, as súas formas carentes de símbolos.
- 10.- Ao cabo dun tempo a charla mental desaparecerá e parecerate cada vez máis interesante a complexidade dos contornos que ves na túa palma da man, estarás cada vez máis atento á hora de captar a beleza desa complexa percepción.

AS CINCO HABILIDADES PERCEPTIVAS DO DEBUXO

A PERCEPCIÓN DOS BORDOS, expresados mediante lle debuxo dun trazo, liña ou contorno.

A PERCEPCIÓN DOS ESPAZOS, que en debuxo se chaman "espazos en negativo"

A PERCEPCIÓN DAS RELACIÓNS, chamada perspectiva e proporción.

A PERCEPCIÓN DOS CLAROS Y AS SOMBRAS, que adoita chamarse "sombreado"

A PERCEPCIÓN DA GESTALT, é dicir, da totalidade, do "ser" do obxecto.

Estas cinco habilidades intégranse nunha soa habilidade global, que capacita debuxar o que se ve.